

Lois Pérez, escritor: "Con este libro quixen evitar a auto censura e arredarme do temor á mirada de quen o vai ler"

Lois Pérez (Lugo, 1979) estrease na ficción adulta coa súa nova novela, *Hoxe toca leiva?* (Xerais), despois de varias obras xuvenís. Unha historia coral ambientada no Grove que combina o cotián e o íntimo, o efémero e o profundo, nunha obra chea de humor e emoción marcada por un rumor: a posíbel actuación de Leiva.

Raúl Salgueiro

11 de maio de 2026

<https://www.nosdiario.gal/articulo/cultura/lois-perez-escritor/20260511220828256006.html>

—Vén de publicar varios libros de literatura infantil e xuvenil. Aproveitou recursos desa etapa para escribir esta novela?

A literatura infantil e xuvenil deume disciplina, sobre todo na contención e na escolla do que escribo. A narrativa adulta é distinta, pero non é mellor nin peor. Para min, a novela non consiste en encaixar personaxes, senón é unha composición de determinadas forzas. Nese sentido, eu non me limitei a organizar o pasado. Eu escribo tentando suscitar o futuro. Na escrita busco unha sorte de futuro anterior, unha evocación doutra realidade alternativa que descubres cando baixas á escrita.

—É unha novela que recolle diferentes puntos de vista. Cales son os eixos centrais desta nova novela?

É, sobre todo, un libro do anhelo, con moito amor e tamén cunha dimensión política. A obra constrúese a partir de contrastes: entre o interior e o exterior, o profundo e o banal, nun fluxo constante que articula as distintas voces narrativas.

—No libro hai unha mestura de rexistros (humor, intimismo, crónica, sátira...). Foi difícil atopar o equilibrio entre eles sen que o resultado se dispersase?

Foi difícil porque cando escribo son bastante reflexivo no que fago, aínda que teño momentos de impulsividade. Con este libro tamén tentei arredarme do temor á mirada dos que despois vaian ler o libro e, así, escribir iso que eu quería escribir. Quería evitar a auto censura, que creo que é algo que aparece máis da conta no que escribimos ben sexa por convencións, por prexuízos ou por ideas previas do que debe ser. Creo que a literatura debe procurar unha certa revelación, algo que tamén buscamos como lectores. Tamén me valín moito da música e desas diferentes voces.

Ao final é un libro que confío en que se deixe ler pero é unha novela que tal vez non se deixe apreixar, no sentido de que é difícil de etiquetar. Quería xogar con iso e escribir como reto.

—Fala de revelar. Que lle gustaría que se lle revelase ao lector ao fechar o libro?

O libro funciona como unha caixa de resonancia en función da bagaxe vital de quen o abre. Gustaríame que emocionase e gustaríame que fixese rir, pero sobre todo que o lectorado entre na historia, pois é o que pode aspirar alguén que escribe. O libro ao final intervéñ sobre os afectos, sobre eses sentimentos que son os que nos moven.

—A novela tamén recupera a memoria política da xeración dos anos 70. Que conexións observa entre esa memoria e a Galiza actual?

A similitude básica é que a loita por un mundo máis xusto e democrático é unha loita sen fin. Estamos vendo iso hoxe en día cando nos despistamos e aquilo que parecía imposíbel ou impensábel sucede. Ese é un dos problemas que temos como condición humana. Estamos incapacitados para pensar o impensábel. O impensábel é que volvese o fascismo na súa versión máis crúa. O paralelismo que vexo é que, en cada tempo histórico, hai un compoñente de frustración e de dor, pero hai outro tamén de esperanza, e esa esperanza está inequivocamente na xente loitadora que era a xeración de nosos pais e na xente que está loitando agora por un mundo mellor onde collan todos, e non só aquelas persoas que máis recursos teñan.